

Rúbrica Parte A - Exercicio 2

PUNTUACIÓN: ____/3

(O texto ten que axustarse á extensión requirida para ser avaliado)

A.CONTIDO E ADECUACIÓN	B.CORRECCIÓN E RIQUEZA GRAMATICAL	C. CORRECCIÓN E RIQUEZA LÉXICA	D. LECTURA: FLUIDEZ, PRONUNCIACIÓN E ENTOACIÓN	E. COHERENCIA E COHESIÓN	NOTA
- O contido é relevante para a tarefa. O estilo é apropiado, eficaz e natural. O rexistro é axeitado e moi natural. O formato axústase á tipoloxía de texto. -Destaca ideas complexas, integrando subtemas e apoiándoas con detalles e/ou exemplos relevantes de maneira eficaz. - Aporta unha visión persoal creativa e inspiradora	Domina un repertorio de estruturas gramaticais complexas, variadas e precisas sen incorreccións.	Domina un repertorio léxico moi variado dun nivel de lingua complexo (incluíndo conceptos menos comúns e frases idiomáticas) e preciso sen incorreccións.	-Exprésase con total fluidez e naturalidade. A pronunciación e totalmente correcta. -As pausas marcan axeitadamente a puntuación do texto e axudan á compresión do texto. -Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado.	-Texto organizado de maneira excepcional e coherentemente usando unha ampla variedade de mecanismos de cohesión, estruturas organizativas e conectores. -Presenta unha distribución en parágrafos idónea, lóxica e eficaz, que facilita a comprensión. -A puntuación é correcta. - Compréndese completamente a mensaxe que se quixo transmitir.	____/0.6
-Presenta algunhas irrelevancias e/ou omisións pero, en xeral, contido é relevante para a tarefa. O estilo é apropiado, eficaz e natural. O rexistro é axeitado e moi natural. O formato axústase á tipoloxía de texto.	-Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. - Exprésase con corrección e os erros que presenta son illados e debidos a lapsos.	-Mostra un consistente dominio léxico dun nivel de lingua complexo. - Exprésase con corrección e os erros que presenta son illados e debidos a lapsos.	-Exprésase con moita fluidez e naturalidade sen esforzo. A pronunciación é correcta. -As pausas marcan con bastante rigor a puntuación do texto e axudan á compresión do texto. -Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado.	-Texto organizado de maneira axeitada e coherentemente usando unha ampla variedade de mecanismos de cohesión, estruturas organizativas e conectores de maneira adecuada. -Presenta unha distribución en parágrafos lóxica e eficaz, que axuda á comprensión. -A puntuación é axeitada. -En xeral comprendese a mensaxe que se quixo transmitir aínda que poida aparecer algunha inconsistencia.	____/0.3
- O estilo e o rexistro son ocasionalmente pouco axeitados. O formato non é axeitado.	-Emprega un número limitado de recursos e estruturas gramaticais complexas. -Exprésase con certa corrección, aínda que presenta erros.	-Usa un repertorio léxico amplo, con incorreccións esporádicas. -Exprésase con algunha limitación e con dificultade para transmitir diferentes matices de significado.	-Exprésase con fluidez, case sen esforzo. Pronuncia de forma clara e natural en xeral. -Realiza demasiadas pausas que impiden a correcta comprensión. -Apenas varía a entoación e a énfase para matizar o que quere dicir.	-Usa estruturas organizativas apropiadas en xeral. Fai un uso correcto, pero pouco variado de conectores e outros mecanismos de cohesión. -Presenta unha distribución en parágrafos pouco eficaz. -Fai un uso axeitado da puntuación, con descoidos. -Non se comprende a mensaxe na súa totalidade e/ou nalgúnhas partes é necesario inferila.	____/0.15
Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	Capacidade comunicativa limitada. Mostra de lingua insuficiente. A produción non se corresponde coa tarefa.	____/0